| <p>B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p> | <p>B3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.</p> <p>B3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p> <p>B3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).</p> <p>B3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.</p> <p>B3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Planifica a elaboración do texto, seguindo os pasos que se lle dan e estruturando a información. • Elabora textos creativos con coherencia. • Aplica nos seus textos os signos de puntuación correctamente. • Cumpre as regras ortográficas e de acentuación nos seus textos. • Elabora borradores e revisa os seus textos. | <p>Páx. 29. Act. 5.</p> <p>Páx. 30. Acts. 1 a 5.</p> | <p>CL</p> <p>IE</p> <p>AA</p> <p>CSC</p> <p>CEC</p> |
| <p>B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.</p> | <p>B3.2.2. Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis).</p> <p>B3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Redacta un guión radiofónico. • Escribe un texto narrativo seguindo uns pasos dados. | <p>Páx. 29. Act. 5.</p> <p>Páx. 30. Acts. 1 a 7.</p> | <p>CL</p> <p>CSC</p> <p>CEC</p> <p>AA</p> |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|---|---|--|---|-------------------------|
| <p>B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p> | <p>B3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Escribe textos para organizar e comunicar información. | <p>Páx. 19. Act. 6.</p> | <p>CL IE AA</p> |
| <p>B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.</p> | <p>B3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... en calquera soporte.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Coida a presentación dos textos: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... | <p>Páx. 29. Act. 5. Páx 27. Act. 7.</p> | <p>CL CD AA</p> |

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|--|--|--|--|---------------------------------|
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | <p>B4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas.</p> <p>B4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece palabras e sílabas e resolve actividades utilizando estes conceptos. • Identifica o pretérito imperfecto e asocia o morfema <i>ba</i> coa letra <i>b</i>. | <p>Páx 24. Acts. 1 a 7.</p> <p>Páx. 27. Act. 4.</p> <p>Páx. 31. Acts. 3 a 5.</p> | <p>CL</p> <p>AA</p> |
| B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. | <p>B4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.</p> <p>B4.2.3. Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Asimila as regras ortográficas da unidade e aplícaas nas súas producións escritas (as representacións do son B). • Valora a importancia da ortografía para garantir unha correcta interpretación dos textos escritos. | <p>Páxs. 26 e 27. Acts. 1 a 9.</p> | <p>CL</p> <p>CSC</p> <p>CEC</p> |
| B4.6. Usar o dicionario en papel ou dixital, con certa autonomía. | B4.6.1. Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital. | <ul style="list-style-type: none"> • Utiliza o dicionario en papel ou dixital con autonomía. | <p>Páx. 23. Act. 4.</p> | <p>CL</p> <p>AA</p> <p>CD</p> |
| B4.7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos. | B4.7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual. | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e usa sinónimos e utiliza este concepto para resolver actividades. | <p>Páx. 23. Acts. 3 e 4.</p> <p>Páx. 31. Act. 2.</p> | <p>CL</p> <p>AA</p> |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |

| CURRICULARES | | | | |
|--|--|--|-------------------------|---------------------------|
| <p>B4.8. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p> | <p>B4.8.1. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España. | <p>Páx. 31. Act. 8.</p> | <p>CL CSC CEC</p> |

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|--|--|--|--|---------------------------------|
| <p>B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.</p> | <p>B5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.</p> <p>B5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Le en silencio e en voz alta os textos da unidade sen dificultade. | <p>Páxs. 20 e 21. <i>Quero ser cociñeiro.</i></p> <p>Páx. 28. <i>Lolo anda en bicicleta.</i></p> | <p>CL</p> <p>CEC</p> <p>CD</p> |
| <p>B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos.</p> | <p>B5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Escribe un relato seguindo uns pasos dados. | <p>Páx. 29. Act. 5.</p> | <p>CL</p> <p>CEC</p> <p>CSC</p> |

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

| | MODELOS METODOLÓXICOS | PRINCIPIOS METODOLÓXICOS | AGRUPAMENTO |
|----------------------------------|---|--|--|
| ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS | <ul style="list-style-type: none"><input checked="" type="checkbox"/> Modelo discursivo/expositivo.<input checked="" type="checkbox"/> Modelo experiencial.<input type="checkbox"/> Obradoiros.<input type="checkbox"/> Aprendizaxe cooperativa.<input checked="" type="checkbox"/> Traballo para tarefas.<input type="checkbox"/> Traballo para proxectos.<input type="checkbox"/> Outros. | <ul style="list-style-type: none"><input checked="" type="checkbox"/> Actividade e experimentación.<input checked="" type="checkbox"/> Participación.<input type="checkbox"/> Motivación.<input checked="" type="checkbox"/> Personalización.<input type="checkbox"/> Inclusión.<input checked="" type="checkbox"/> Interacción.<input checked="" type="checkbox"/> Relevancia.<input checked="" type="checkbox"/> Funcionalidade.<input checked="" type="checkbox"/> Globalización.<input type="checkbox"/> Avaliación formativa.<input type="checkbox"/> Outros. | <ul style="list-style-type: none"><input checked="" type="checkbox"/> Tarefas individuais.<input checked="" type="checkbox"/> Agrupamento flexible.<input checked="" type="checkbox"/> Parellas.<input checked="" type="checkbox"/> Grupo reducido.<input checked="" type="checkbox"/> Gran grupo.<input type="checkbox"/> Grupo interclase.<input type="checkbox"/> Outros. |

| | MODELOS METODOLÓXICOS | PRINCIPIOS METODOLÓXICOS | AGRUPAMENTO |
|----------------------------|---|---|--|
| RECURSOS PARA A AVALIACIÓN | <ul style="list-style-type: none"> <input checked="" type="checkbox"/> Observación directa do traballo diario. <input checked="" type="checkbox"/> Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. <input checked="" type="checkbox"/> Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións). <input checked="" type="checkbox"/> Valoración cualitativa do progreso individual (anotacións e puntualizacións). <input type="checkbox"/> Valoración cuantitativa do progreso colectivo. <input type="checkbox"/> Valoración cualitativa do progreso colectivo. <input type="checkbox"/> Outros. | <ul style="list-style-type: none"> <input checked="" type="checkbox"/> Observación directa. <input checked="" type="checkbox"/> Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade. <input checked="" type="checkbox"/> Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade. <input checked="" type="checkbox"/> Avaliación para competencias, proba correspondente á unidade. <input checked="" type="checkbox"/> Outros documentos gráficos ou textuais. <input checked="" type="checkbox"/> Debates e intervencións. <input checked="" type="checkbox"/> Proxectos persoais ou de grupo. <input type="checkbox"/> Representacións e dramatizacións. <input type="checkbox"/> Elaboracións multimedia. <input type="checkbox"/> Outros. | <p>Cualificación cuantitativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Na proba de control, cada actividade cualificarase con 1 punto se foi resolta correctamente. Se a resolución non é errónea, pero é incompleta ou falta algún elemento, pódese valorar con 0,5 puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. <p>Cualificación cualitativa: ten como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • As probas de avaliación para competencias. • A observación directa. |

| | MELLORA | OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE |
|---------------------------|--|---|
| ENSINANZA INDIVIDUALIZADA | <ul style="list-style-type: none"> • Programa de mellora do proxecto de <i>ensinanza individualizada</i> correspondente á unidade. • Actividades de reforzo propostas na guía didáctica. | <ul style="list-style-type: none"> • Programa de ampliación do proxecto de <i>ensinanza individualizada</i> correspondente á unidade. • Actividades de ampliación propostas na guía didáctica. • LibroMedia 4.º curso de educación primaria, actividades e recursos. |

| | |
|----------------------|---|
| TRABALLO COOPERATIVO | Proxecto correspondente ao primeiro trimestre: <i>A miña comunidade autónoma</i> . Proxecto social: <i>O noso patrimonio cultural</i> . |
|----------------------|---|

| | |
|------------------------------------|--|
| ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS | <p>Actividades complementarias do material Recursos complementarios de 4.º curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fichas correspondentes aos contidos tratados na unidade. |
| CONTIDOS TRANSVERSAIS | <p>Comprensión lectora. <i>Quero ser cociñeiro</i> (páxinas 20 e 21); <i>Lolo anda en bicicleta</i> (páxinas 28 e 29).</p> <p>Expresión oral e escrita. Comentario da lámina inicial <i>Na cociña</i> (páxinas 18 e 19); Recoñecemento da idea principal dunha mensaxe (páxina 18); Argumentación para convencer (Páxina 19); Redacción dun texto narrativo (páxina 29); Elaboración dun anuncio radiofónico (páxina 30).</p> <p>Comunicación audiovisual. Interpretación da lámina inicial (páxina 19).</p> <p>O tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación. Elaborar un anuncio radiofónico (páxina 30).</p> <p>Educación en valores. Valoración realista dos anuncio publicitarios (páxina 19).</p> |
| PLAN DE FOMENTO DA LECTURA | <p>Outras suxestións de lectura:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>A nave dos libros 4.</i> • <i>Lecturas de aquí e de acolá 4.</i> |
| PROXECTO LINGÜÍSTICO | <ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a idea principal dunha mensaxe. Convencer alguén utilizando argumentos. • Responder as preguntas: <i>Que feitos se contan? Quen é o narrador?</i> |
| EDUCACIÓN EN VALORES | <ul style="list-style-type: none"> • Suxestión de tratamento: Desenvolvemento persoal (A responsabilidade); Valores sociais, cívicos e solidarios (Colaborar activamente no traballo en grupo). |
| UTILIZACIÓN DAS TIC | <ul style="list-style-type: none"> • LibroMedia de 4.º curso, actividades correspondentes á unidade. • <i>O Xogo do Saber.</i> |

UNIDADE 3. Estrea cinematográfica

OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar en consonancia, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, e tamén o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, e tamén actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Saber e utilizar de maneira apropiada o castelán e o galego, e desenvolver hábitos de lectura.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** A terceira unidade articúlase a partir de dous eixes fundamentais: desde o punto de vista temático, o cine e, desde o punto de vista lingüístico, o grupo nominal. Respecto do primeiro, tanto as actividades relacionadas coa lámina inicial coma a lectura proposta nos apartados de Competencia lectora e Vocabulario orientan o traballo cara o campo léxico do cine, que tamén está relacionado coa tarefa final, describir o escenario dunha película. En canto á identificación do grupo nominal e os seus compoñentes, a definición gramatical do concepto acompáñase de actividades que axudan a asimilalo. Na sección Vocabulario dáse o concepto da antonimia, que haberá que poñer en relación dalgunha maneira co de sinonimia, tratado na unidade anterior. En canto á Ortografía, trabállase a grafía *v*, polo que se complementa a unidade 2, onde comezaron a ver as diferentes representacións do son B.
- **O que os alumnos xa saben.** O léxico básico cine forma parte da experiencia dos nenos, de maneira que o obxectivo desta unidade é consolidalo e completalo. Do mesmo xeito, o dado na unidade anterior sobre as palabras, amplíase vendo que estas serven para formar grupos nominais.
- **Previsión de dificultades.** É posible que parte dos alumnos non coñezan algunhas palabras dos campos semánticos que protagonizan a unidade, ou que as coñezan noutra lingua. Por outro lado, tamén o concepto de grupo nominal pode representar dificultades, xa que cómpre ter moi claro o concepto de substantivo. En canto á tarefa final, facer unha descrición requirirá insistir na importancia de seguir uns pasos á hora de redactala.

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|---|---|--|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou de Internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun resumo. • Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase ou debates). • Actitude de escoita adecuada e respecto das de quen fala sen interrupcións inadecuadas. • Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións doas demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados). • Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. • Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e a entoación adecuadas. | <ul style="list-style-type: none"> • Análise e comentario da lámina <i>Estrea cinematográfica</i>, que representa unha sala de cine. • Recoñecemento da idea principal dunha mensaxe e outros datos concretos. • Conversa guiada sobre a educación en valores: saber comportarse no cine. • Ampliación do vocabulario sobre o cine. • Mantemento dunha actitude de escoita adecuada. • Respecto polas opinións dos e das demais nas intervencións na aula. • Interese por expresarse en público coherentemente, usando nexos básicos adecuados e presentando estratexias elementais para facer comprender a mensaxe. • Contar e recomendar unha película. • Respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. • Pronuncia e entoación adecuadas nas lecturas da unidade. | <p>B1.1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo.</p> <p>B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.</p> <p>B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións.</p> <p>B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p> <p>B1.9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.</p> <p>B1.10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p> |

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|--|---|---|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións). • Interpretación de esquemas gráficos e ilustracións relacionadas co contido principal do texto que acompañan. • Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos en galego adaptados aos seus intereses. • Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. | <ul style="list-style-type: none"> • Lectura en voz alta do conto <i>O cine das sabas brancas</i>, prestando unha atención para non saltar ningunha palabra. • Identificación dos personaxes coas súas accións, dos espazos da acción e da orde en que se dan as accións de que fala a lectura. • Dedución do significado de palabras e expresións coa axuda do contexto. • Lectura comprensiva e silenciosa dos textos da unidade. • Autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, e de expresión de preferencias. | <p>B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos en soportes variados (web infantís, libros, carteis).</p> <p>B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.</p> <p>B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses.</p> <p>B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.</p> |

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|--|---|--|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso, de maneira xeral, das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor. • Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia básica, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións) de acordo coas características propias destes xéneros. • Composición de textos de información e de opinión moi sinxelos, característicos dos medios de comunicación social, sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas. • Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións). • Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica. | <ul style="list-style-type: none"> • Creación de textos utilizando estratexias de planificación e revisión. • Creación de textos seguindo uns pasos dados (describir o escenario dunha película; elaborar un cartel con normas de comportamento). • Copia de textos ao ditado para aplicar os coñecementos ortográficos da unidade e tamén os de unidades anteriores nun ditado acumulativo. • Presentación adecuada das actividades e traballos escritos da unidade. | <p>B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p> <p>B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.</p> <p>B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p> <p>B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.</p> |

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|---|--|--|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente e futuro). • Aplicación xeral das normas ortográficas, apreciando o seu valor social. • Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos, de antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, en relación coa comprensión e coa produción de textos. • Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias. | <ul style="list-style-type: none"> • Utilización de terminoloxía lingüística e gramatical básica e aplicación desta no coñecemento e no uso da lingua (a sílaba e a palabra; o substantivo e os determinantes). • Identificación de palabras antónimas. • Asimilación das normas ortográficas e da necesidade de cingirse a elas (as diferentes representacións do son B). • Realización de actividades para assimilar os conceptos gramaticais da unidade (o grupo nominal e os substantivos). • Identificación das interferencias e corrección dos erros habituais que provocan. • Identificación das interferencias lingüísticas e corrección dos erros que provocan. | <p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p> <p>B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p> <p>B4.7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos.</p> <p>B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.</p> |

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|--|--|--|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses. • Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes. | <ul style="list-style-type: none"> • Lectura guiada do conto <i>O cine das sabas brancas</i>, para mellorar na expresividade e na autonomía lectoras. | <p>B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes.</p> |

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|--|---|---|--|-----------------------|
| B1.1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo. | B1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo. | <ul style="list-style-type: none"> Comprende informacións relevantes e interpreta os detalles dunha audición. | Páx. 32. Act. 1. | CL AA |
| B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. | <p>B1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.</p> <p>B1.3.2. Segue unha exposición da clase e extrae o sentido global.</p> <p>B1.3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Participa na conversa sobre a lámina achegando experiencias persoais en relación con situacións semellantes. Elabora e produce textos orais (relata un argumento e recomenda unha película). | <p>Páx. 33. Acts. 3, 4, 5 e 7.</p> <p>Páx. 36. Act. 7.</p> | CL AA CSC IE |
| B1.4. Manter unha actitude de escoita activa, deixando falar os demais, sen anticiparse ao que van dicir e respectando as súas opinións. | <p>B1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.</p> <p>B1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Espera a que remate o interlocutor de falar para facer comentarios ou correccións. Respecta as opinións dos compañeiros. | <p>Páx. 33. Acts. 4 e 5.</p> <p>Páx. 36. Acts. 7 e 8.</p> | CL CSC |

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|--|---|--|--|---|
| <p>B1.5. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p> | <p>B1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p>B1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.</p> <p>B1.5.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.</p> <p>B1.5.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación e volume.</p> <p>B1.5.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Respecta as quendas de palabra. • Utiliza a lingua galega para comunicarse na aula. • Exprésase cunha articulación e volume adecuados. • Emprega unha postura e xestualidade adecuadas ao discurso. • Participa activamente nas actividades orais. | <p>Páx. 33. Acts. 3 a 5.</p> <p>Páx. 36. Act. 7.</p> | <p>CL</p> <p>CSC</p> <p>AA</p> <p>CEC</p> |
| <p>B1.9. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.</p> | <p>B1.9.1. Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Respecta as ideas dos demais e participa no traballo grupal. | <p>Páx. 42. Act. 5.</p> | <p>CL</p> <p>AA</p> <p>IE</p> |
| <p>B1.10. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p> | <p>B1.10.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Exprésase oralmente coa pronuncia e a entoación adecuadas. | <p>Páx. 33. Acts. 3 a 5.</p> <p>Páx. 36. Act. 7.</p> | <p>CL</p> <p>AA</p> <p>CEC</p> <p>IE</p> |

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|---|--|--|---|------------------------------|
| B2.1. Comprender, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos en soportes variados (web infantís, libros, carteis). | <p>B2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.</p> <p>B2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, adecuado á súa idade.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Localiza información en diferentes textos (o texto narrativo <i>O cine das sabas brancas</i>) e resolve as actividades propostas. Identifica as ideas principais dun texto. | Páx. 36. Acts. 1 a 6. | CL AA IE |
| B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos. | B2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan. | <ul style="list-style-type: none"> Resolve actividades utilizando información procedente de ilustracións. | Páx. 33. Act. 1. | CL AA CSC IE MCT |
| B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos en galego adaptados aos seus intereses. | <p>B2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras.</p> <p>B2.6.2. Le textos en voz alta, sen dificultade e coa velocidade adecuada.</p> <p>B2.6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.</p> | <ul style="list-style-type: none"> Descodifica as palabras na lectura. Le os textos da unidade en silencio e en voz alta sen dificultade. | Páxs. 34 e 35. <i>O cine das sabas brancas.</i> | CL AA |
| B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | B2.10.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas. | <ul style="list-style-type: none"> Expresa a súa opinión sobre a lectura e os feitos que aparecen nela. | Páx. 36. Act. 7. | CL CSC AA IE |

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|--|--|---|--|---|
| <p>B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p> | <p>B3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información.</p> <p>B3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.</p> <p>B3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).</p> <p>B3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe.</p> <p>B3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Planifica a elaboración do texto, seguindo os pasos que se lle dan e estruturando a información. • Elabora textos creativos con coherencia. • Aplica nos seus textos os signos de puntuación correctamente. • Cumpre as regras ortográficas e de acentuación nos seus textos. • Elabora borradores e revisa os seus textos. | <p>Páx. 42. Acts. 1 a 5.</p> | <p>CL IE AA CSC CEC</p> |
| <p>B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.</p> | <p>B3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións...</p> <p>B3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos) seguindo un guión establecido.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Elabora un cartel con normas de comportamento no cine. • Escribe un texto descritivo sobre o escenario dunha película. • Explica coas súas palabras o significado dunha expresión. | <p>Páx. 33. Act. 7. Páx. 42. Acts. 1 a 5. Páx. 43. Act. 2.</p> | <p>CL CD AA</p> |

| | | | | |
|---|---|--|--|-------------------------|
| <p>B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p> | <p>B3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Elabora textos académicos para organizar e comunicar contidos gramaticais. | <p>Páx. 43. Acts. 6 e 9.</p> | <p>CL AA IE</p> |
| <p>B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.</p> | <p>B3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... en calquera soporte.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Presenta adecuadamente as súas tarefas, especialmente as que implican escribir un texto. Escribe con boa caligrafía. | <p>Páx. 33. Act. 7. Páx. 42. Acts. 1 a 5. Páx. 43. Act. 2.</p> | <p>CL CD AA</p> |

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|---|--|---|---|------------------|
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | B4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores. | <ul style="list-style-type: none"> • Utiliza conceptos gramaticais para resolver actividades (substantivos e determinantes). | Páxs. 38 e 39. Acts. 1 a 6. | CL AA |
| B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | <p>B4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.</p> <p>B4.2.3. Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación escrita entre as persoas falantes dunha mesma lingua e para garantir unha adecuada interpretación dos textos escritos.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Asimila as regras ortográficas da unidade e aplícaas nas súas producións escritas (as representacións do son B). • Valora a importancia da ortografía para garantir unha correcta interpretación dos textos escritos. | Páxs. 40 e 41. Acts. 1 a 9. Páx. 43. Act. 7. | CL CSC CEC |
| B4.7. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas de uso habitual, para comprender e producir textos. | <p>B4.7.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.</p> <p>B4.7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Forma palabras derivadas. • Recoñece os antónimos e utiliza este concepto para resolver actividades. | Páx. 37. Acts. 3 e 4. Páx. 40. Act. 1. Páx. 43. Act. 3. | CL AA |
| B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega. | <p>GB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.</p> <p>B4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas elementais sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Identifica interferencias lingüísticas e corrixe os erros que provocan. • Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas elementais entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe | Páx. 39. Act. 6. | CL CEC CSC |

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | ACTIVIDADES | COMPETENCIAS |
|---|---|---|--|-----------------|
| B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes. | B5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, en diferentes soportes. B5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes. | <ul style="list-style-type: none">Le en silencio e en voz alta os textos da unidade: <i>O cine das sabas brancas</i>. | Páxs. 34 e 35. <i>O cine das sabas brancas</i> . | CL CEC CD |

OUTROS ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

| | MODELOS METODOLÓXICOS | PRINCIPIOS METODOLÓXICOS | AGRUPAMENTO |
|----------------------------------|---|--|--|
| ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS | <ul style="list-style-type: none"><input checked="" type="checkbox"/> Modelo discursivo/expositivo.<input checked="" type="checkbox"/> Modelo experiencial.<input type="checkbox"/> Obradoiros.<input type="checkbox"/> Aprendizaxe cooperativa.<input checked="" type="checkbox"/> Traballo para tarefas.<input type="checkbox"/> Traballo para proxectos.<input type="checkbox"/> Outros. | <ul style="list-style-type: none"><input checked="" type="checkbox"/> Actividade e experimentación.<input checked="" type="checkbox"/> Participación.<input type="checkbox"/> Motivación.<input checked="" type="checkbox"/> Personalización.<input type="checkbox"/> Inclusión.<input checked="" type="checkbox"/> Interacción.<input checked="" type="checkbox"/> Relevancia.<input checked="" type="checkbox"/> Funcionalidade.<input checked="" type="checkbox"/> Globalización.<input type="checkbox"/> Avaliación formativa.<input type="checkbox"/> Outros. | <ul style="list-style-type: none"><input checked="" type="checkbox"/> Tarefas individuais.<input checked="" type="checkbox"/> Agrupamento flexible.<input checked="" type="checkbox"/> Parellas.<input checked="" type="checkbox"/> Grupo reducido.<input checked="" type="checkbox"/> Gran grupo.<input type="checkbox"/> Grupo interclase.<input type="checkbox"/> Outros. |

| | MODELOS METODOLÓXICOS | PRINCIPIOS METODOLÓXICOS | AGRUPAMENTO |
|----------------------------|---|--|--|
| RECURSOS PARA A AVALIACIÓN | <ul style="list-style-type: none"> <input checked="" type="checkbox"/> Observación directa do traballo diario. <input checked="" type="checkbox"/> Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. <input checked="" type="checkbox"/> Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións). <input checked="" type="checkbox"/> Valoración cualitativa do progreso individual (anotacións e puntualizacións). <input type="checkbox"/> Valoración cuantitativa do progreso colectivo. <input type="checkbox"/> Valoración cualitativa do progreso colectivo. <input type="checkbox"/> Outros. | <ul style="list-style-type: none"> <input checked="" type="checkbox"/> Observación directa. <input checked="" type="checkbox"/> Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade. <input checked="" type="checkbox"/> Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade. <input checked="" type="checkbox"/> Avaliación para competencias, proba correspondente á unidade. <input checked="" type="checkbox"/> Outros documentos gráficos ou textuais. <input type="checkbox"/> Debates e intervencións. <input checked="" type="checkbox"/> Proxectos persoais ou de grupo. <input type="checkbox"/> Representacións e dramatizacións. <input type="checkbox"/> Elaboracións multimedia. <input type="checkbox"/> Outros. | <p>Cualificación cuantitativa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Na proba de control, cada actividade cualificarase con 1 punto se foi resolta correctamente. Se a resolución non é errónea, pero é incompleta ou falta algún elemento, pódese valorar con 0,5 puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. <p>Cualificación cualitativa: ten como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> • As probas de avaliación para competencias. • A observación directa. |

| | MELLORA | OUTRAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE |
|---------------------------|--|---|
| ENSINANZA INDIVIDUALIZADA | <ul style="list-style-type: none"> • Programa de mellora do proxecto de <i>ensinanza individualizada</i> correspondente á unidade. • Actividades de reforzo propostas na guía didáctica. | <ul style="list-style-type: none"> • Programa de ampliación do proxecto de <i>ensinanza individualizada</i> correspondente á unidade. • Actividades de ampliación propostas na guía didáctica. • LibroMedia 4.º curso de educación primaria, actividades e recursos. |

| | |
|----------------------|---|
| TRABALLO COOPERATIVO | Proxecto correspondente ao primeiro trimestre: <i>A miña comunidade autónoma</i> . Proxecto social: <i>O noso patrimonio cultural</i> . |
|----------------------|---|

| | |
|------------------------------------|--|
| ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS | <p>Actividades complementarias do material Recursos complementarios de 4.º curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fichas correspondentes aos contidos tratados na unidade. |
| CONTIDOS TRANSVERSAIS | <p>Comprensión lectora. <i>O cine das sabas brancas</i> (páxinas 34 e 35).</p> <p>Expresión oral e escrita. Comentario da lámina inicial <i>Estrea cinematográfica</i> (páxinas 32 e 33); Elaboración dun cartel con normas de comportamento (páxina 33); Descrición do escenario dunha película (páxina 42).</p> <p>Comunicación audiovisual. Interpretación da lámina inicial (páxina 33).</p> <p>Educación en valores. A responsabilidade. Comportarse adecuadamente no cine (páxina 33).</p> |
| PLAN DE FOMENTO DA LECTURA | <p>Outras suxestións de lectura:</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>A nave dos libros 4.</i> • <i>Lecturas de aquí e de acolá 4.</i> |
| PROXECTO LINGÜÍSTICO | <ul style="list-style-type: none"> • Deducir información. Relatar un argumento. Recomendar unha película • Responder as preguntas: <i>Paréceche interesante? Por que?</i> |
| EDUCACIÓN EN VALORES | <ul style="list-style-type: none"> • Suxestión de tratamento: Desenvolvemento persoal (A expresión da opinión razoadamente); Valores sociais, cívicos e solidarios (A responsabilidade: o comportamento adecuado). |
| UTILIZACIÓN DAS TIC | <ul style="list-style-type: none"> • LibroMedia de 4.º curso, actividades correspondentes á unidade. • <i>O Xogo do Saber.</i> |

UNIDADE 4. No laboratorio do colexio

OBXECTIVOS CURRICULARES

- c) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar en consonancia, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, e tamén o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, e tamén actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Saber e utilizar de maneira apropiada o castelán e o galego, e desenvolver hábitos de lectura.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade** Os vínculos con outras áreas de coñecemento preséntanse nesta unidade a partir do tema laboratorio; un campo semántico relacionado coa área de Ciencias Naturais. Este campo semántico trabállase na lectura e tamén en Vocabulario, sección que tamén traba sobre as palabras polisémicas. O apartado de Gramática completa o da unidade anterior, pois segue tratando o concepto de substantivo, particularmente, nas clases que existen e no seu xénero e número. En Ortografía trabállase a grafía *h* e amplíase o vocabulario de palabras que a conteñen. O Saber facer consiste en preparar unha exposición oral para explicar ante a clase un experimento. Finalmente, no apartado Literatura, complétase a unidade 2, que trataba o concepto de narración literaria, vendo un exemplo concreto, o conto.
- **O que os alumnos xa saben.** Os alumnos xa coñecen, aínda que sexa de xeito intuitivo, o xénero e o número dos substantivos, pois realizan as concordancias pertinentes nas súas producións orais e escritas. Tamén será familiar para eles o concepto de conto.
- **Previsión de dificultades.** A ortografía das palabras con *h* pode resultar problemática; cómpre que se realicen actividades de ortografía visual e que se aconselle o uso do dicionario en caso de dúbida. Realizar unha exposición ante a clase pode causar vergoña a algúns alumnos; haberá que reforzar a súa confianza e aconsellarlles que a preparen ben para que se sintan seguros.

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|--|---|---|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá..
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Os alumnos coñecerán que son as forzas e cales son os seus efectos e os seus tipos. Prestarase especial atención á forza da gravidade por ser aquela á que todos estamos sometidos. Tamén aprenderán cales son as fontes de enerxía e distinguirán as renovables das non renovables e as vantaxes e inconvenientes do uso de cada unha delas. Así mesmo terán unha visión acerca da utilización da enerxía a través da súa transformación e os seus usos con atención aos distintos tipos de centrais eléctricas. Tamén afondarán no concepto da luz como forma de enerxía e no seu comportamento ante os obxectos (reflexión e refracción) e como a partir dela se forman as cores. Como tarefa final recoñecerán as cores básicas da luz e as súas mesturas observando unha pantalla a través dunha lupa para despois realizar algunhas actividades relacionadas co experimento.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos coñecen o concepto de enerxía e as súas formas máis comúns (luminosa, mecánica, eléctrica, química, térmica).
- **Previsión de dificultades.** É posible que os alumnos atopen algunha dificultade á hora de distinguir os conceptos de enerxía e forza e á hora de distinguir os conceptos de reflexión e refracción.

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|--|---|--|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <p>B1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.</p> <p>B1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.</p> <p>B1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión).</p> <p>B1.4. Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en Internet e noutros soportes.</p> <p>B1.5. Iniciación á actividade científica.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes sinxelas para completar as súas actividades e responder preguntas. • Comunicación oral e escrita de información solicitada de textos e imaxes simples para demostrar a súa comprensión. • Manifestación de certa autonomía na execución de accións e tarefas sinxelas. • Utilización do vocabulario adquirido nas súas exposicións e traballos da clase. • Expresión oral de descricións de compañeiros e compañeiras para que os identifiquen os demais. • Realización de pequenos proxectos de investigación, reflexión e obtención de datos. | <p>B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.</p> <p>B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.</p> |

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|---|--|---|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA</p> <p>B4.1. O sol e a auga como fontes de enerxía.</p> <p>B4.2. Características e propiedades do aire e actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.</p> <p>B4.8. Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga e prismas) diante da luz.</p> <p>B4.9. Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • As forzas e a enerxía. • As fontes de enerxía. • A utilización da enerxía. • A gravidade. • Identificación dos efectos das forzas. • Recoñecemento das enerxías renovables e non renovables. • Identificación das vantaxes e inconvenientes do uso de enerxías renovables e non renovables. • Identificación dos distintos tipos de centrais eléctricas. • Clasificación dos principais usos da enerxía. • A luz. • As cores. • Identificación dos distintos comportamentos da luz. • Recoñecemento das cores básicas da luz. • Recoñecemento da reflexión da luz e da cor dos obxectos. • Observación do comportamento da luz na pantalla dun teléfono móbil. | <p>B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.</p> <p>B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.</p> |

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|--|---|------------------------------|
| B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes. | B1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita. | <ul style="list-style-type: none"> Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada, comunicando dita información oralmente e/ou por escrito. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa unidade, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos. | CAA CCL CMCCT CSIEE |
| | B1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa. | <ul style="list-style-type: none"> Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. | CCL CMCCT CD |
| | B1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | <ul style="list-style-type: none"> Realiza experiencias sinxelas e pequenas investigacións: expondo problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. | CAA CMCCT CSIEE |
| | B1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo. | <ul style="list-style-type: none"> Cofece e aplica procesos propios da observación sistemática nas súas experiencias. Extrae conclusións adecuadas que aplica nos seus traballos e exposicións da clase | CAA CMCCT |

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA (CONTINUACIÓN)

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|--|---|-----------------------|
| B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información. | B1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información. | <ul style="list-style-type: none">• Establece conxecturas empregando medios propios da observación, extraendo conclusións e comunicando os resultados. | CAA CMCCT CSIEE |
| | B1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos. | <ul style="list-style-type: none">• Utiliza adecuadamente o vocabulario adquirido sobre os contidos da unidade nas súas exposicións e traballos da clase. | CMCCT CCL |

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|--|---|---|---------------------|
| B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental. | B4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. | <ul style="list-style-type: none"> Recoñece a relación entre a forza e a deformación dun corpo elástico. Explica que son as fontes de enerxía. Identifica e describe fontes de enerxía renovables e non renovables e as súas características, orixe e formas de produción. | CMCCT CSC |
| | B4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación. | <ul style="list-style-type: none"> Indica en que central eléctrica se produce dióxido de carbono e as consecuencias. | CMCCT CCL CSC |
| | B4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna. | <ul style="list-style-type: none"> Explica como se poderían reducir os problemas que causa a utilización de combustibles fósiles. Promove uso de enerxías renovables para reducir a contaminación. | CMCCT CSC |
| B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos | B4.2.1. Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz. | <ul style="list-style-type: none"> Realiza e interpreta adecuadamente pequenos experimentos ou experiencias sinxelas de forma individual ou cooperativa para recoñecer os cambios dos corpos diante da luz. Leva a cabo os experimentos con coidado e respecto. Emprega, coidadosa e respetuosamente, diversos medios, ferramentas e técnicas para a observación e o estudo científico. | CMCCT CCL |
| | B4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou | <ul style="list-style-type: none"> Identifica forzas que fan que os obxectos se movan ou se deformen. | CMCCT |

| | | | |
|--|---------------------------|--|--|
| | pequenas investigaciones. | | |
|--|---------------------------|--|--|

UNIDADE 9. As máquinas

OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Os alumnos coñecerán as máquinas simples e as compostas e identificarán e analizarán o seu funcionamento e os seus compoñentes. Tamén coñecerán que son os circuitos eléctricos e en que se diferencian dos electrónicos. Así mesmo recoñecerán os operadores mecánicos e analizarán o funcionamento dun mecanismo. Como tarefa final construírán unha catapulta a partir da observación dun modelo para despois realizar algunhas actividades relacionadas co proxecto.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos saben que as máquinas son obxectos que facilitan a realización de actividades e que teñen diversos usos: exercer forzas, transportar, quentar ou arrefriar, comunicar e manexar información. Así mesmo coñecen que funcionan con distintas enerxías.
- **Previsión de dificultades.** É posible que os alumnos atopen algunha dificultade á hora de distinguir os conceptos de máquina simple e operadores mecánicos.

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|--|--|---|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <p>B1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.</p> <p>B1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.</p> <p>B1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión).</p> <p>B1.4. Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en Internet e noutros soportes.</p> <p>B1.5. Iniciación á actividade científica.</p> <p>B1.6. O traballo cooperativo.</p> <p>B1.7. Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual.</p> <p>B1.8. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes sinxelos para completar as súas actividades e responder preguntas. • Comunicación oral e escrita de información solicitada de textos e imaxes simples para demostrar a súa comprensión. • Manifestación de certa autonomía na execución de accións e tarefas sinxelas. • Utilización do vocabulario adquirido nas súas exposicións e traballos da clase. • Expresión oral da opinión persoal acerca dos monumentos espectaculares. • Realización de pequenos proxectos de investigación, reflexión e obtención de datos. | <p>B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.</p> <p>B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.</p> <p>B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.</p> |

| CONTIDOS | | CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES |
|--|--|--|
| CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO | CONTIDOS DA UNIDADE | |
| <p>BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</p> <p>B5.1. Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela etc.).</p> <p>B5.3. Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela.</p> <p>B5.4. Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas.</p> <p>B5.5. Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • As máquinas simples e compostas. • Os operadores mecánicos. • Identificación das máquinas simples e do seu funcionamento. • Identificación das máquinas compostas e do seu funcionamento. • Identificación dos principais operadores mecánicos. • Recoñecemento dos circuitos eléctricos e electrónicos. • Análise do funcionamento dun mecanismo. • Construción dunha catapulta a partir dun modelo. | <p>B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.</p> <p>B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.</p> |

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|---|---|------------------------------|
| B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes. | B1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita. | <ul style="list-style-type: none"> Busca, selecciona e organiza información relacionada coa unidade a partir de textos, imaxes e gráficos para completar as súas actividades e responder preguntas de forma adecuada, comunicando dita información oralmente e/ou por escrito. Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa unidade, que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos. | CAA CCL CMCCT CSIEE |
| | B1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa. | <ul style="list-style-type: none"> Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. | CCL CMCCT CD |
| | B1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | <ul style="list-style-type: none"> Ten iniciativa na toma de decisións á hora de responder preguntas. | CAA CMCCT CSIEE |
| | B1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos. | <ul style="list-style-type: none"> Utiliza as tecnoloxías da información para buscar información coa que completar diversas actividades. | CAA CMCCT CD |

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA (CONTINUACIÓN)

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|---|--|-----------------------|
| B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información. | B1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información. | <ul style="list-style-type: none"> Establece conxecturas empregando medios propios da observación. | CAA CMCCT CSIEE |
| | B1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos. | <ul style="list-style-type: none"> Utiliza adecuadamente o vocabulario adquirido sobre os contidos da unidade nas súas exposicións e traballos da clase. | CMCCT CCL |
| B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais. | B1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. | <ul style="list-style-type: none"> Realiza proxectos de investigación científica de forma individual ou cooperativa, achegando información de diversas fontes, seguindo as fases de identificación do obxectivo, planificación e elaboración. Expón o proxecto e os resultados de forma oral e/ou escrita e faino de maneira clara, ordenada e precisa. | CAA CMCCT CSC |

BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | INDICADORES DE LOGRO | COMPETENCIAS |
|---|--|---|--|
| <p>B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotiá.</p> | <p>B5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Observa e identifica partes de máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá. | <p>CMCCT CSC CSIEE</p> |
| | <p>B5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Describe as características principais de máquinas simples e compostas e enumera compoñentes fundamentais. • Identifica e describe partes de máquinas compostas: motor, operadores mecánicos, pantallas e indicadores, elementos de control, estrutura e carcasa. • Identifica e describe tipos de operadores mecánicos. • Coñece e explica usos e aplicacións das máquinas na vida cotiá. | <p>CMCCT CCL CMCT CSC</p> |
| <p>B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.</p> | <p>B5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Identifica oficios que manexan habitualmente máquinas no seu traballo. | <p>CMCCT CCL CSC</p> |
| | <p>B5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Fabrica, empregando os materiais adecuados, de forma individual ou cooperativa, con coidado e respecto, un obxecto ou estrutura sinxela que cumpra unha función simple e que sirva para demostrar un argumento ou obxectivo científico. | <p>CMCCT CAA CCEC CD CSIEE</p> |

Mínimos esixibles:

Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.

Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.

Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.

Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes.

Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.

Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.

Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.

Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.

Partindo da metodoloxía como un conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados, as bases metodolóxicas son as seguintes:

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos no que lle resulta familiar e cercano ao alumnado pero cunha vertente de imaxinación. Desta forma, foméntase un uso contextualizado da lingua, traballando situacións comunicativas que permitan empregala dunha maneira real e motivadora. Os alumnos/as poden transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuír sentido ao que aprende. Así favorécese o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

A aprendizaxe competencial pretende que cada alumno, está preparado para poder afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito, é dicir, non só adquirir uns coñecementos, tamén ser capaces de acceder a eles e aplicalos nos diferentes contextos da súa vida, contextualizalos.

As situacións comunicativas que inclúen o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe, sobre todo nas primeiros anos. A realización de tarefas conxuntas, axudan, por unha parte, a asentir as bases para a adquisición dunha lingua estranxeira, e tamén á súa socialización.

As distintas formas e ritmos de aprendizaxe do alumnado. Ter sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados, así como os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos. Traballar actividades de ampliación, para os máis avanzados, e de reforzo, para os que podan precisalas.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basa na actividade.

O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade constructivista depende da intervención do profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que amosa o alumno/a debendo: iniciar o *input* da lingua, axudar ao individuo na

interacción cos demais, avaliar o que fan os neñs/as, proporcionar *feedback*, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe para asegurar a calidade do mesmo.

A aprendizaxe globalizada xenera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. É importante que as actividades que leven a cabo na área de lingua estranxeira estén interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento de si mesmo e cunha exploración do mundo que lles rodea. Desta forma, farase fincapé na comunicación oral e a consciencia intercultural.

Un aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia. Todo o que o alumno aprende nas diferentes materias constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas.

Por iso, as competencias básicas poden alcanzarse se non en todas, sí na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar dichas competencias, independentemente de en cales as puido adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outros, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente.

Coordinación entre o profesorado das linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais. Desta forma, evítase a repetición de contidos propios de aprendizaxes de calquera lingua, tales como as estratexias de lectura, o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, e para unificar a terminoloxía

1. Ás competencias

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, descompostos en descritores.

Os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

O desenvolvemento de **valores** axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse para que sexan capaces de construír unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas provenientes de situacións cotiás partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso redor

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar os alumnos nesa busca de información e presentarlle ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Plan lector: gozar coa lectura.
- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.

- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.

Competencias sociais e cívicas

A área de Ciencias da Natureza pídennos desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e cara aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social polo que os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Educación en valores: Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na área de Ciencias da Natureza preténdese iniciar o alumnado na actividade científica polo que este aspecto se vincula ao desenvolvemento desta competencia. A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivos propostos.

Neste caso, os descritores que se van adestrar son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosos.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia son:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Criterios de cualificación


O curso escolar estará dividido en tres trimestres diferenciados. Ao final de cada trimestre entregaráselles ás familias un boletín informativo que atendendo ao disposto na *Orde do 9 de xuño de 2016* de avaliación de educación primaria, terán que reflectir en notas numéricas os resultados obtidos polos alumnos. Para obter dita nota ponderaremos as notas acadadas nos controles feitos ao acabar unha unidade didáctica, e o traballo diario (así valoraremos o interese mostrado no traballo diario, a participación nas actividades propostas ,vontade de traballar e presentación e limpeza nos traballos realizados, ademais de como coida o material propio, o da aula e o do centro).

Neste curso ademais terá un peso cuantitativo o traballo escrito por unidade que se lles poderá esixir aos alumnos sobre temas coñecidos e traballados na clase.

En cada avaliación realizarase unha proba por cada unidade.

Aplícanse as seguintes porcentaxes para avaliar:

- **traballo diario: 10%**
- **Probas escritas: 70%**
- **Actitude e seguimento: 20%**



| PARTICIPACIÓN | COMPORTAMENTO | ATENCIÓN | TRABALLO CLASE/CASA |
|--|--|---|--|
| 5 ptos: participa activamente sempre ou case sempre que se lle pregunta algo. Fai incisos apropiados sen intervención do profesor. | 5 ptos: amosa sempre un comportamento axeitado e case nunca causa problemas ou distrae a compañeiros. Respecta sempre as normas de clase. | 5 ptos: sempre presta atención durante a clase e amosa unha moi boa actitude cara o aprendizaxe. escoita activamente e distráese moi pouco. | 5 ptos: completa sempre as tarefas e actividades diarias con corrección e adecuación, no tempo establecido. Realiza sempre ou case sempre as tarefas na casa. |
| 4 ptos: participa activamente de xeito habitual. Non adoita intervir de motu propio sen preguntarlle. | 4 ptos: o comportamento habitual é apropiado e amosa poucas desviacións, que ocorren de forma moi ocasional. Distrae poucas veces e respecta habitualmente as normas de clase. | 4 ptos: a atención é constante durante a meirande parte das clases e a súa actitude cara o aprendizaxe é boa. Distráese algo pero fai esforzo por escoitar. | 4 ptos: completa as tarefas e actividades a maioría das clases con corrección e adecuación, aínda que algunhas veces se retrasa. Realiza as tarefas na casa normalmente, con algún olvido ocasional. |
| 3 ptos: participa bastantes veces pero non habitualmente. Case nunca fai incisos de motu propio. | 3 ptos: o comportamento adoita ser axeitado pero amosa bastantes desviacións. Distrae algunhas veces e respecta as normas algunhas veces. | 3 ptos: presta atención unha parte das clases e distráese bastante. A súa actitude cara o aprendizaxe é mellorable. | 3 ptos: completa as tarefas e actividades bastantes veces con corrección e adecuación mellorables. Adoita tardar en rematalas. Fai as tarefas na casa só algunhas veces. |
| 2 ptos: participa só de xeito ocasional. Nunca fai incisos por iniciativa propia. | 2 ptos: non se comporta ben a meirande parte do tempo. Ocasiona moitas distraccións para os compañeiros e case nunca respecta as normas. | 2 ptos: a súa atención só e ocasional ou cando está motivado/a. Amosa unha actitude cara o aprendizaxe regular. | 2 ptos: completa as tarefas e actividades poucas veces e amosa unha corrección e adecuación limitadas. Non se esforza para terminalas a tempo e poucas veces realiza as tarefas na casa. |
| 1 pto: só participa se se lle require individualmente de xeito específico. | 1 pto: case nunca amosa un bo comportamento e amosa moitas condutas disruptivas. Só respecta ocasionalmente algunha norma. | 1 pto: non presta atención nunca ou case nunca e non amosa ningunha motivación intrínseca. A actitude cara o aprendizaxe é mala. | 1 pto: case nunca completa as tarefas e actividades. Non amosa un mínimo interese para realizalas. Nunca realiza as tarefas na casa. |

Posto que esta rúbrica ten unha escala de 1-5 puntos, multiplicarase por 2 a cualificación alcanzada para que estea sobre 10 puntos. Ademais, para o redondeo da nota final, terase en conta a diferenza existente entre a nota final e a nota media das probas escritas:

- Se a diferenza é maior a 1 punto, realizarase un truncamento pola unidade, é dicir, non se terán en conta as cifras decimais.
- Se a diferenza é igual ou menor a 1 punto, poderanse ter en conta as cifras decimais para un posible redondeo considerando parámetros como a evolución do alumno/a e o esforzo demostrado para superar a materia, entre outros.
- Se a diferenza é un resultado negativo (nota media das probas maior que a final), aumentarase a nota final ata a seguinte unidade.

DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Partiremos dunha proba inicial dos alumnos para saber logo como vai ser o seu seguimento . A proba vai ser de xeito oral e escrito .
O plantexamento dunha cuestión de razonamento para que expresen a súa opinión de xeito oral e logo unha posible explicación da mesma de forma escrita o que permitirá establecer un punto de partida.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No proceso de avaliación, identifícanse cinco niveis de calificación, e para o seu rexistro é conveniente ter a seguinte escala cualitativa ordeada de menor a maior:

IN: Insuficiente para as cualificacións negativas

Para as cualificacións positivas:

SU: Suficiente

BI: Ben

NT: Notable

SB: Sobresaliente

A estes achegaraselles unha escala numérica, sen empregar decimais, nunha escala do un ao dez; coas seguintes correspondencias:

– Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

– Suficiente: 5.

– Ben: 6.

– Notable: 7 ou 8.

– Sobresaliente: 9 ou 10.

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno de Terceiro Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación para avaliar a adquisición das competencias nos alumnos/as son:

- Observación
- Proba escrita
- Proba oral
- Caderno de clase
- Tarefas familiares

Escritos

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.
- Caderno de clase do alumno.
- Actividades de avaliación (libro, fichas fotocopiáveis, probas escritas individuais...).
- Traballos de grupo.
- Resolución de exercicios e problemas.
- Actividades interactivas.

Orais

- Preguntas individuais e en grupo.

- Participación do alumno/a.
- Intervencións na clase.
- Postas en común.
- Exposicións orais.

Observación directa e sistemática

- Listas de control..
- Rexistros de incidencias.

Outros

- Rúbrica de avaliación
- Persoal de avaliación.

ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Na clase hai alumnos/as con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación, ao tempo que persegue o obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados nos materiais posibilita que tódolos alumnos/as podan atopar algún que esté de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio.

RECURSOS

- O libro do alumno para a área a traballar.
- As propostas didácticas para cada unha delas.
- Os recursos fotocopiáveis da proposta didáctica, con actividades de reforzo, ampliación, obradoiros e avaliación.
- Os materiais dixitais asociados ao tema tratado
- Ordenadores
- Xogos didácticos